

Estimado/a comerciante,

O Concello de Ortigueira adheriuse a iniciativa europea do Pacto das Alcaldías o 4 de marzo de 2021. Este Plan nace no seo do Pacto das Alcaldías, un movemento a nivel europeo no que participan as autoridades locais e rexionais que asumiron o compromiso voluntario de mellorar a eficiencia enerxética, empregar fontes de enerxía renovables nos seus territorios e reducir as emisións de CO₂.

Neste momento estamos a traballar na auditoría de seguimento de dito Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) e, neste marco, ponse en marcha unha enquisa sobre consumo enerxético dirixida ao comercio local. Por iso, o persoal da empresa contratada, Energal S.L., visita os establecementos do municipio aos que se lles pide que teñan a man unha factura eléctrica exclusivamente para verificar os kilovatios (KWh) consumidos.

Só necesitamos coñecer os consumos enerxéticos, para poder elaborar posteriormente o **Inventario de Emisións de Referencia** do concello de Ortigueira.

Colabora co Concello, e súmate á loita contra o Cambio climático!

Recibe un cordial saúdo,

O Alcalde, José Valentín Calvín Fondevila

